

PLAN DIXITAL

CEIP Rosalía de Castro (Padrón)

Código Centro: 15012717

[Xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- **CEIP ROSALÍA DE CASTRO**

R/Santiaguiño s/n

PADRÓN

C.P. 15900

TLF: 881866253

CIF: Q 6555090 G

- www.edu.xunta.es/centros/ceiprosaliapadron/

- e-mail: ceip.rosalia.padron@edu.xunta.es

- Etapas educativas: En referencia ao CEIP Rosalía indicar que está catalogado para 15 unidades, 3 de E. infantil e 12 de E. primaria. No actual curso, debido a un desdoblamento en 6º curso de E. infantil, contaremos con catro aulas de E. infantil. Esto causa que o número de unidades ascende a 16.

- **Alumnado matriculado no colexio:**

4º E Infantil A	20
5º E. Infantil	20
5º B E infantil	20
6º E. infantil	20
1º Ed. Primaria A	21
1º Ed. Primaria B	21
2º Ed. Primaria A	21
2º Ed. Primaria B	21
3º Ed. Primaria A	16
3º Ed. Primaria B	16
4º Ed. Primaria A	17
4º Ed. Primaria B	16
5º Ed. Primaria A	21
5º Ed. Primaria B	20
6º Ed. Primaria A	19
6º Ed. Primaria B	20
Total alumnado (provisional, na data de redación do presente documento" debido a posibles	309

matriculas/baixas)	
--------------------	--

- **Persoal docente**

O cadro funcional do profesorado é o seguinte:

COMPOSICIÓN FUNCIONAL CURSO 2021-2022		
	CATALOGADOS	FUNCIONANDO
ED. ESP.- P.T.	1	1
ED.ESP.- A.L.	1	2
ORIENTACIÓN	1	1
ED. INFANTIL	4	5
PRIMARIA:Xeneralistas	11	12
PRIMARIA: Ed. Física	2	2
PRIMARIA: L. Inglesa	2	3
PRIMARIA: L. Francesa	1	0
PRIMARIA: Música	1	1
Relixión	1	1
Total docentes	25	28

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

- *Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro.*

O CEIP Rosalía de Castro atópase no concello de Padrón-A Coruña. O centro foi construído por primeira vez no ano 1974. A partires do ano 2000 as deficiencias comencan a evidenciar problemas graves, polo que a Administración decide edificar un novo edificio, inaugurándose este, que é o actual, no 2004.

O Concello de Padrón, cunha extensión de 48,46 Km², sitúase na comarca do Sar, constituído ademais polos concellos limítrofes de Dodro e Rois. Padrón situase nun lugar estratéxico en canto cercanía á capital galega, uns 20 km, a costa 18 km, así como a outras importantes cidades e lugares. Está no límite de provincia, con Pontevedra, actuando o río Ulla de fronteira natural.

O censo de habitantes ronda os 9000 habitantes.

Este concello está integrado por cinco parroquias: S Pedro de Carcacía; Sta M^a de Herbón; Sta M^a de Cruces; Sta M^a Iria Flavia e Santiago de Padrón.

A área de influencia, zona adscrita, ao centro corresponde as parroquia de Sta M^a de Cruces, a maior parte de Sta M^a de Iria Flavia e Santiago de Padrón.

O concello padronés é un importante motor económico da comarca, destacando sectores como a industria, sobre todo relacionada co "aluminio" e "madeira".

Por outro lado o sector servizos tamén é destacado, seguido da construción, aínda que na actualidade está sufrindo un forte estancamento. Tamén é de destacar a agricultura.

No tocante ao nivel socioeconómico e sociocultural indicar que é medio-baixo.

- *Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo e á Programación Xeral Anual do curso 22/23.*

O presente Plan Dixital ten como obxectivo primeiramente avaliar as competencias dixitais tanto do equipo directivo como dos alumnos/as para posteriormente tomar as medidas oportunas que permitan promover a innovación educativa e facilitar unha cultura dixital nos centros e nas aulas mediante a dotación dunha infraestrutura axeitada, a promoción do uso das tecnoloxías da información e comunicación na aula como medio didáctico e unha formación permanente do profesorado. Estes obxectivos do Plan Dixital encaixan no Proxecto Educativo de Centro e na Programación Xeral Anual, estando en consonancia e sendo complementarios.

- *Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa,...*

O Plan Dixital trata de dotar de recursos didácticos que teñan relación con obxectivos marcados en cada un dos proxectos dos equipos: TIC, biblioteca, dinamización da lingua galega, extraescolares e complementarias. De ser o caso, estes recursos estarán sometidos a unha avaliación continua para ser modificados en función das necesidades do alumnado do centro. Así mesmo tomaráanse en consideración as suxestións dos integrantes do resto dos equipos para integralos no plan de vindeiros cursos.

O presente PD está estreitamente relacionado co Plan TIC, que neste curso centrouse en promover e actualizar a Aula Virtual do centro, fomentar a formación dixital do profesorado, manter equipos informáticos, recadar información para unha posible actualización ou renovación destes equipos, actualizar e promover a web do centro, etc.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, dita instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

O Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006 Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as

Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

En liña coas orientacións establecidas no **Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027)**, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensinoaprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

O Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021 establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as brechas sociais e territoriais, que incentiva a formación continua e cre no talento, promocionando o emprendemento e a innovación, o reforzo das súas capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia.

No **Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica** que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena. Co fin de promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe, como secretario xeral de

Educación e Formación Profesional,

1.4. Proceso de elaboración

- Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

No primeiro trimestre elixiuse ao grupo que formarí o Equipo de Dinamización do Plan Dixital e presentouse o calendario de traballo para ese trimestre, ademais do test SELFIE que debía realizarse antes de rematar decembro, tanto individualmente a nivel profesorado como a nivel do alumnado de 5º e 6º.

No segundo trimestre presentouse o calendario de traballo para o trimestre e analizáronse os resultados dos tests SELFIE. Nese segundo trimestre tamén se realizou o test CDD por parte dos docentes.

Xa no terceiro trimestre, realizouse o DAFO, a partir dos resultados dos tests SELFIE e CDD, para, nos últimos meses de curso, redactar o Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).

No centro contamos coa seguinte instalación de rede para todas as dependencias do edificio:

Dita instalación está repartida entre os dous pisos (os armarios coas conexións están sitos en Conserxería e na Aula de Informática).

Instalación de rede da Aula de Informática:

-Rede Lan cableada de 13 postos coas súas correspondentes rosetas de conexión rj45 e toma eléctrica.

- Rack composto por:

* Regleta de alimentación

* Switch D-link DGS-1210-24

* Panel de conexión

Armarios Rack conserxería.

- Rack orange (pechado) Fibra óptica cunha velocidade teórica da liña 1Gbt/s

- Rack superior dispón de:

-regleta

-Swich cisco systems catalyst 3560

-panel de conexión

- Rack inferior dispón de:

- 3 paneis de conexión

-Swich D-link DGS 121024

- Swich D-link DGS 121024T

- Swich D-link DGS 121024

- Swich D-link DGS 1210-28 MP/ME

- Swich D-link DGS 1210

- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías: aulas dixitalizadas, proxecto E-Dixgal, equipos de xestión e administración, uso na biblioteca, equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos, equipos ultrapotátiles para aula móbil, aulas de informática e dotacións para proxectos específicos.

Orientación:

- Ordenador HP XUGA 2011, Monitor HP LE1901W, Teclado HP KUS0133

Cubículo – Aula Multifuncional – “Departamento de Inglés”:

- Ordenador, teclado B-Move BM-TW03 e monitor HYUNDAI X71S
- Proxector Optone

Psicomotricidade:

- Ordenador Packard Bell portátil
- Proxector EPSON EMP-745

Biblioteca:

- 6 ordenadores DELL DCNE
- Pantallas Samsung LS19F355HNUXEN
- Ordenador portátil HP
- Impresora HP
- Ordenador Fujitsu (teclado y monitor)
- Tablet Samsung SM-T580
- Proxector EPSON EMP-83H
- Amplificador Pioneer A-307R

Sala de Mestres:

- 3 Ordenadores (2 monitores Hyundai X71S, 1 monitor Samsung)
- Fotocopiadora multifunción RICOH MP4504ex

Conserxería:

- Fotocopiadora multifunción KONICA Minolta Bizhub 758

Dirección:

- Ordenador HP
- Impresora multifunción Lexmark MX410de XUGA 2015

Xefatura de Estudos:

- Ordenador (monitor Dell)
- Impresora multifunción HP Officejet 4500

Secretaría:

- Ordenador HP (monitor HP S2031a) XUGA 2016
- Impresora multifunción HP Officejet 4500

Aula de Informática:

- 4 Ordenadores
- 1 Impresora EPSON

Aula Educación Infantil 1:

- Ordenador (teclado, monitor) HP
- Proxector EPSON XUGA 2016

Aula Educación Infantil 2:

- Ordenador (monitor Acer V226HQL)
- Proxector EPSON EB-X20 XUGA 2014
- Pizarra IQ Board XUGA 2014

Aula Educación Infantil 3:

- Ordenador (monitor Acer V226HQL)
- Proxector EPSON EB-X20 XUGA 2014
- Pizarra IQ Board XUGA 2014

Aula Educación Infantil 4:

- Ordenador (monitor Samsung SyncMaster 943N)
- Proxector EPSON EB-X20 XUGA 2014
- Pizarra IQ Board XUGA 2014

Aula Educación Primaria 1:

- Ordenador (monitor Dell, teclado Dell)
- Altosfalantes Netway
- Proxector Optoma

Aula Educación Primaria 2:

- Ordenador (monitor Dell)
- Proxector EPSON EB-570

- Pizarra dixital Abalar XUGA 2015

Aula Educación Primaria 3:

- Ordenador (Monitor Hyundai X71S)
- Proxector EPSON EB-570
- Pizarra Dixital Abalar XUGA 2015

Aula Educación Primaria 4:

- Ordenador (monitor Hyundai X71S)
- Proxector Optoma

Aula Educación Primaria 5:

- Ordenador (monitor Hyundai X71S, teclado HP)
- Proxector EPSON EMP-83H

Aula Educación Primaria 6:

- Ordenador (monitor HYUNDAI X71S)
- Altosfalantes HERCULES
- Proxector EPSON EMP-83H

Aula Educación Primaria 7:

- Ordenador (monitor HYUNDAI X71S)
- Pizarra SmartBoard XUGA 2008
- Proxector EPSON EMP-83H

Aula Educación Primaria 8:

- Ordenador (monitor HYUNDAI X71S)
- Pizarra dixital – Abalar XUGA 2015
- Proxector EPSON EB-570

Aula Educación Primaria 9:

- Ordenador lenovo – Abalar XUGA 2015
- Pizarra dixital – Abalar XUGA 2015
- Proxector EPSON EB-570

Aula Educación Primaria 10:

- Ordenador lenovo – Abalar XUGA 2015
- Pizarra dixital – Abalar XUGA 2015

- Proxector EPSON EB-570

Aula Educación Primaria 11:

- Ordenador lenovo – Abalar XUGA 2015
- Pizarra dixital – Abalar XUGA 2015
- Proxector EPSON EB-570

Aula Educación Primaria 12:

- Ordenador
- Pizarra dixital – Abalar XUGA 2015
- Proxector EPSON EB-570

- Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, Aqueiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil, ...).

No tocante a servizos dixitais educativos corporativos, entendidos como os que facilitan a xestión docente, o Centro dispón de páxina web do centro e Abalarmóbil como ferramenta comunicativa entre toda a comunidade educativa, e tamén está rexistrado en Aqueiro, sobre todo, para obter información sobre o Plan Dixital.

- Xestión do mantemento do equipamento do centro

A xestión do mantemento dos equipos do centro realízase a través de Unidade de Atención a Centros (UAC).

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- **Autoavaliación SELFIE** (información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa):

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Post Secundaria
	Equipo Direct.	3.7				

A -Liderado	Profesorado	2.8				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	2.6				
C- Infraestructuras e Equipos	Alumnado	3.4				
	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	3.2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Alumnado	3.5				
	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	3.3				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Alumnado					
	Equipo Direct.	4.1				
	Profesorado	3.8				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Alumnado	3.4				
	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3				
G- Prácticas de avaliación	Alumnado					
	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	2.8				
H- Competencias dixitais do alumnado	Alumnado	3.7				
	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	2.9				

- **Test CDD** (información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro, e tamén na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD).

Participación segundo perfil do profesorado (Táboa 1.3. do informe grupal do TestCDD)

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	23	78,3%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	3	66,7%
SUBSTITUTO	5	6	83,3%
DESRAZADO/ OUTROS	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro (Táboa 2.1. do informe grupal do TestCDD)

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
87,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas (Táboa 2.2. do informe grupal do TestCDD)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	84,7	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI.	96,8	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	10	37%
B1	9	33,3%
B2	5	18,5%
C1	1	3,7%
C2	2	7,4%
TOTAL	27	99,9%

Distribución do profesorado por niveis (Táboa 2.3. do informe grupal do TestCDD)

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Suficiente participación en proxectos interdisciplinares (DPC). Suficiente competencia dixital do profesorado. 	<ol style="list-style-type: none"> Non existe reflexión sobre TIC's. Non se usan contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares con TD's. Non se usan tecnoloxías dixitais para avaliar ao alumnado. Non se utilizan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> O alumno pode atopar toda a información que precisa na web do centro. 	<ol style="list-style-type: none"> O alumnado non aprende a comprobar si a información que atopa en internet é fiable e precisa. O alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando tecnoloxías dixitais. O alumnado non é coñecedor das vantaxes do emprego do software libre no ámbito educativo e non dispón nin fai uso deste tipo de ferramentas no centro. Baixa competencia dixital do alumnado.
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> As familias reciben avisos e notificacións a través da aplicación Abalar Móbil. 	
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> El profesorado cuenta con poyo necesario del equipo directivo a la hora de probar nuevas formas de enseñanza con tecnoloxías dixitais 	
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> O centro difunde a información de interese e facilita o seguimento da actividade académica do alumnado a través de servizos dixitais educativos. Dende o centro educativo promóvese a 	<ol style="list-style-type: none"> Non existe unha estratexia dixital.

		<p>participación do profesorado en actividades formativas individuais.</p> <p>3. O equipo directivo promove o uso do software libre no ámbito educativo.</p> <p>4. O equipo directivo coñece a normativa relativa á adquisición de equipamento informático para os centros educativos.</p>	
--	--	--	--

		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS ANPA	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. Posibilidade de participación no proxecto de educación dixital Edixgal.</p> <p>2. Oferta de cursos de formación da Consellería de Educación.</p>	<p>1. Non están actualizados os equipamentos e as redes.</p> <p>2. Non hai dispositivos dixitais para o aprendizaxe do alumnado.</p> <p>3. Insuficiente asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais</p> <p>4. Os espazos físicos non facilitan a ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p>
	LEXISLACIÓN		<p>1. Insuficiente política de protección de datos.</p>
	CONTORNA		<p>1. En nuestro centro, no tenemos medidas para identificar las dificultades que surgen con el aprendizaje mixto, relacionados con las necesidades de aprendizaje de los alumnos y su contexto socioeconómico</p>
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora que se indican para este PD, en cada curso escolar o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do PD.

Incídese en obxectivos que supoñen unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez definido o noso horizonte (cara a onde queremos que vaia o noso centro educativo) e analizada a situación de partida, chega o momento de definir o Plan de Acción. Tanto o traballo de análise dos datos do informe SELFIE como o deseño do Plan de Acción foi realizado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital, formado polo equipo directivo, a persoa responsable dos medios dixitais do centro (coordinadora TIC) e outros docentes, facendo un total de 13 membros. Xa que o traballo foi realmente froito dunha colaboración, o resultado final é un instrumento máis realista, viable e asumible por toda a comunidade educativa.

Unha vez analizada a información, e identificadas as áreas de mellora prioritarias a partir do DAFO, o deseño das accións do Plan supuxo levar a cabo os seguintes pasos:

1. Determináronse os obxectivos que queremos conseguir de cara ao curso que vén, tendo especial conta de que fosen:

- Específicos, é dicir, o máis concretos posibles. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- Medibles. Deben responder a metas que se podan cuantificar. Se o obxectivo non é medible non poderemos saber cando o conseguimos.
- Alcanzables, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles.
- Realistas, é dicir, que estean dentro das nosas posibilidades (tanto por recursos dispoñibles como pola motivación para logralos)
- Definidos no tempo. Isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que nos permitirán alcanzalos.
- Contextualizados a áreas de mellora en relación coas áreas do DigCompOrg

2. Definíronse os indicadores que permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben responder a escalas numéricas, e deben ir acompañados dun valor obxectivo ou meta que é aquel que nos marcamos segundo o obxectivo ao que fan referencia.

3. Definíronse as accións (polo menos dúas por cada área) necesarias para alcanzar os obxectivos. As accións incluíron:

- Os recursos (humanos, materiais e financeiros) necesarios para levalas a cabo.
- O prazo de execución.

A continuación, preséntase a relación de accións que se pretenden implementar en cada área para alcanzar os obxectivos para o próximo curso, en forma de táboa, unha para cada obxectivo. Inclúense tanto a descrición detallada das accións, como os recursos necesarios, persoas implicadas, responsables e temporalización. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 1: (1)	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado (E3*)				Acadado	
Responsable:	Persoa coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente implicado (Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)					
Valor de partida: (3)	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data: (4)	5 actividades realizadas co alumnado na AV por docente implicado			30/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Crear os cursos e matricular ao	Persoa	22/12/22			Realizada	

profesorado e alumnado na AV do centro	Coordinadora TIC				Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro	Profesorado da materia	31/03/23	Actividades creadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas	Profesorado da materia	30/06/23	Actividades publicadas na aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*E3: Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe)

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos (C)

OBXECTIVO 2: (1)	Dotar de equipamentos a diferentes aulas do Centro (C1*)	Acadado	
Responsable:	Persoa coordinadora das TIC	Non	

					acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de aulas con equipos completos de proyector e pantalla dixital operativa (Instrumento: Memoria TIC)				
Valor de partida: (3)	7 de 19 aulas (37%)				
Valor previsto e data: (4)	4 aulas máis completas			31/12/22	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A02.1: Determinar as necesidades de cada aula	Persoa coordinadora TIC	01/11/22			Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.2: Comprobar o presuposto dispoñible e solicitar os equipos para a súa instalación	Persoa secretaria do centro	15/12/22			Realizada
					Aprazada
					Pendente

(*C1: Infraestrutura)

Axuda para completar as táboas:

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” que sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

- (2) INDICADORES: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro
- (4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) RESPONSABLES:** Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.
- (7) DATA PREVISTA FIN :** Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.
- (8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,..)
- (9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) ESTADO:** Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Primeiramente o Centro non conta coa totalidade de aulas dixitalizadas, é dicir, coa posibilidade de visualización e interacción, faltando **8 aulas de Primaria** por dotar de proxector e pizarra dixital interactiva (se temos en conta que de cara ao curso que vén se cumpre o obxectivo do PD de dotar a 4 aulas).

Ademais, a **aula de informática** soamente conta con 4 ordenadores para uso do alumnado, polo que farían falta 20 ordenadores.

O **ximnasio** tamén ten necesidade dun ordenador portátil para as clases de EF na etapa de Primaria.

Como uso na **biblioteca**, sobre todo, como consola, necesitaríanse 5 ordenadores.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación co grao de consecución de obxectivos anteriores implementarase nos seguintes contextos:

- No contexto da **avaliación procesual**, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao trimestre, e os aspectos a valorar que serán, como mínimo, o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital vai dirixido a toda a comunidade escolar do centro, por tanto, as canles que se utilizarán para publicitalo e difundilo, serán Abalar e a web do centro como elementos básicos da comunicación co exterior. Internamente, estará a disposición dos docentes na Sala de Profesores ou en Secretaría.

